PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/02/2024 09:48:06
Nº Rexistro: 26
Data envio: 28/02/2024 09:48:06.774

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa da Deputación Permanente, na súa sesión do día 27 de febreiro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular

—13 Escrito da Comisión Promotora da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras, polo que solicita a prórroga do prazo para a presentación dos pregos de sinaturas (11/PPLI-000006, doc. núm. 55197).

Examínase o escrito presentado por D. Xaquín Mª Fco. Xavier Rubido Muñiz, actuando en representación da comisión promotora da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras, rexistrado no Rexistro Xeral da Cámara o 23 de febreiro de 2024 co número 13, no que se solicita unha prórroga de tres meses para a recollida de sinaturas.

A competencia para autorizar a prórroga deste prazo, por petición da comisión promotora, tena atribuída a Mesa da Deputación Permanente cando concorra causa xustificada apreciada por este órgano.

O 26 de xullo de 2023 notificóuselle ao representante da comisión promotora o acordo da Mesa do Parlamento de admisión da proposición de lei, polo que comezou a computarse o prazo de catro meses para entregarlle a ese órgano as sinaturas recollidas (artigo 7 da Lei), que rematou o 14 de decembro de 2023. Con posterioridade, previa solicitude da comisión promotora formulada no escrito doc. núm. 62571, a Mesa do Parlamento acordou a prórroga do prazo para a presentación de sinaturas ata o 14 de marzo de 2024.

Porén, antes da terminación dese prazo, a representación da comisión promotora, mediante o escrito rexistrado doc. núm. 13, solicita unha segunda prórroga por tres meses.

As causas alegadas para xustificar a solicitude de prórroga son:

- Que a colocación das mesas de información non foi posible pola coincidencia do período de recollida de sinaturas coas festas do nadal, as condicións meteorolóxicas e a convocatoria de eleccións.

Conforme o disposto no artigo 7.3 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro,

CSV: REXISTRO-aRpyj6eIM-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/02/2024 09:48:06
Nº Rexistro: 26
Data envio: 28/02/2024 09:48:06.774

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa da deputación permanente adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Prorrogar o prazo para a presentación de sinaturas pedido polo representante da comisión promotora da Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras, ata o 14 de xuño de 2024, inclusive.

2.º) Comunicarlles este acordo ó representante da comisión promotora e á Xunta Electoral de Galicia.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2024

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.02.28 09:27:46 +01'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: REXISTRO-aRpyj6elM-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xunta Electoral de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/02/2024 09:48:06
Nº Rexistro: 26
Data envio: 28/02/2024 09:48:06.774

Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 28/02/2024 9:27:46

CSV: REXISTRO-aRpyj6elM-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/